



ASISTENTES

C.I.G.

Cándido Pérez Betanzos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo

U.G.T.

Pablo Álvarez Rodríguez
(Delegado)

Reunión extraordinaria.

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo o día 6 de xullo de 2006, as 9:30 horas da mañá, procédese a estudar os temas expostos na orde do día.

1. Designación de representante do Comité para seleccionar a un Técnico especialista en Transporte e Distribución.
2. Designación de representante do Comité para selección de persoal para a OSIX.

1. Designación de representante do Comité para seleccionar a un Técnico especialista en Transporte e Distribución.

Cándido Pérez Betanzos informa que a praza que ten que cubrir a empresa para un TE de Transporte e Distribución foi ofertada o Servizo Galego de Colocación.

Pablo en nome de UGT, di que na última Comisión de Emprego acordárase, que esta praza ofertárase ao persoal da Universidade por promoción interna, antes de acudir ao Servizo Galego de Colocación, polo tanto está en contra de que se designe un representante do Comité para seleccionar dita praza.

CCOO tampouco foi informada desta nova decisión.

Cándido propónse a si mesmo como representante do Comité nesta Comisión de Selección.

Como non hai acordo procédese a votación, CIG vota a favor, CCOO abstense, UGT non pode votar.

2. Informan ó Presidente do Comité intercentros por teléfono que hai que designar un representante do Comité para seleccionar persoal para a OSIX, contratos que se farán a través da Xunta de Galicia.

Cándido propón designar como representantes:

Titular: Victoria Alonso Crespo

Suplente: Federico Fernández Fernández

Sen máis temas que tratar remata a reunión

ACORDOS:

- Designar a Cándido Pérez Betanzos, como representante do Comité Intercentros para a selección de un Técnico Especialista en Transporte e Distribución.
- Designar a Victoria Alonso Crespo, como representante do Comité Intercentros para a selección de Técnicos para a OSIX

Fdo: Victoria Alonso Crespo
(Vicesecretaria)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)